

- 51080 (12/POC-008188)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre o orzamento previsto pola Xunta de Galicia para a limpeza dos regos de Cambelas e Os Pasales, en Padrón

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 25 de febreiro de 2025, pola que se aproba e se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para ingresar, por promoción interna e mediante concurso-oposición, nunha praza do corpo de letradas e letrados

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 29 de decembro de 2025 convocouse o proceso selectivo para a provisión, por promoción interna e mediante concurso-oposición, unha praza do corpo de letradas e letrados, e aprobáronse as bases que o rexen.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas todas elas coa documentación achegada, ao abeiro do establecido na base cuarta da referida convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación provisional das persoas admitidas, que se detalla como anexo I, por reuniren os requisitos exixidos na convocatoria.

2º. Declarar excluídas provisionalmente, polos motivos que se indican, as persoas que se relacionan no anexo II.

As persoas aspirantes excluídas provisionalmente dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

As persoas que, no prazo sinalado, non reparen a causa de exclusión ou aleguen a omisión serán definitivamente excluídas da participación no proceso selectivo.

4º. Ordenar a publicación desta Resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ANEXO I. RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

NUM.	APELIDOS	NOME	NIF
1.	COSTOYA PARDO	CAROLINA	***9592**
2,	GONZÁLEZ ALONSO	DAVID	***5631**

ANEXO II. RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS

Non hai.

